

Ruídos, teses, os xornais
separando as nosas mans
animándome a parar

Miro, un xiro darredor,
démoslle outra volta ao sol, e aquí estou
cheguei, mais outras non

Por elas vou, polas abusadas
por elas vou, as empobrecidas
por elas vou, as asasinadas, as acaladas, desaparecidas
Por elas vou, polas máis valentes, polas covardes e aterecidas

Arestora e destas mans
ven e *okupa* o teu lugar,
non preguntes se debes estar

Sae lixeira e sen cargar
benvido o teu dubidar,
será a nosa forza pra arrombar
todo en cadanseu lugar

Por elas vou, polas explotadas
por elas vou, as non redimidas
por elas vou, polas coidadoras, as xornaleiras e as prostituídas
por elas vou, polas disidentes, e as que están fóra das normativas

Boto fóra a tentación
ningún tempo foi mellor, non podo non,
arredarme de vós

Por elas vou, polas que exixiron

por elas vou, polas que acusaron

por elas vou, polas que están presas, polas migrantes ás que expulsaron

por elas vou, polas exiliadas, as clandestinas, ás que colonizaron

(Por elas vou), polas que algarean

(por elas vou), polas máis caladas

por elas vou, polas combativas, polas folguistas, e as sindicadas

por elas vou, polas todas as putas que se resisten a ser tuteladas.

Por elas vou, polas que non viven, mais sobreviven esperanzadas.

Por elas vou, polas que constrúen, as xenerosas, as que nunca gañan.

Por elas vou, polas que se inclúen cando esquecemos de mencionalas.